



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fades.dicoruna.es

SESION PLENARIA EXTRAORDINARIA

DIA 13 DE NOVIEMBRE DE 2015

No Salón de Plenos da Casa do Concello, cando son as 14.05 horas do día 13 de novembro de 2015; a fin de celebrar Sesión extraordinaria convocada previamente para este día, reúnen os seguintes concelleiros:

D^a. María Ángeles Álvarez Carro, D. Jesús Miguel Prado Cea, D. Jesús Francos Sánchez, D. Ramón Garabato Boga, D. Óscar Botana Rúa, D. Manuel Ferreiro Marzoa, D. Juan Carlos Portos Bra, D. José María Pérez Lagos, D^a. Nelly Iglesias Rey, D^a Lorena Suárez Pardo; baixo a Presidencia de D. Roberto Rey Martínez como Alcalde- Presidente, e coa asistencia da Secretaria do Concello Carmen Gómez Otero.

Aberto o acto pola presidencia, tratáronse, de conformidade coa **orde do día**, os seguintes asuntos:

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS ANTERIORES.-

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, as actas seguintes

- Acta das sesións extraordinarias do Pleno celebradas os días 11.09.2015 e 01.10.2015.
- Acta da sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 11.09.2015

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que o Pleno, por unanimidade

ACORDOU:

ÚNICO.- Aprobar as actas das sesións extraordinarias do Pleno celebradas os días 11.09.2015 e 01.10.2015, e a acta da sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 11.09.2015.

2.- ACORDO DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE FRADES EN RELACIÓN AO PROXECTO DENOMINADO “MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA ESTRADA DP 3802, PK 8+360 AO PK 9+330, VISTA ALEGRE (GALEGOS) (FRADES), SEGUNDO A CIRCULAR DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA, DE APROBACIÓN INICIAL DA TERCEIRA FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS, ANUALIDADE 2015.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Polo Alcalde- Presidente dáse lectura da proposta da Alcaldía co teor literal seguinte:

“ (...) PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

ASUNTO: MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA DP 3802, P.K. 8+360 A P.K. 9+330, VISTA ALEGRE (GALEGOS).

Roberto Rey Martínez, Alcalde- Presidente do Concello de Frades, logo de ver a Circular de data 14 de outubro de 2015, con rexistro de entrada neste Concello 967, da Deputación Provincial de A Coruña, no que se comunica a aprobación inicial da terceira fase do Plan de Travesías da anualidade 2015 e solicítase ao Concello que envíe á Deputación a documentación sinalada na Base nº 3.2. das de colaboración entre a Deputación e os Concellos para executar os proxectos que se inclúan nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015.

Visto o Proxecto das referidas obras que se achega a esta Proposta, redactado polo enxeñeiro de camiños D. Julio C. Rojo Martínez, colexiado nº 3.871, de data marzo de 2015.

Visto que na Memoria do Proxecto, no punto VIII.- infórmase que non se prevé ocupación de fincas privadas sendo suficiente o Dominio Público para a execución das obras.

Vistos os Informes da arquitecta deste Concello sobre a dispoñibilidade dos terreos e sobre a non necesariedade de autorizacións de outros organismos para realizar as obras.

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN, a adopción do seguinte ACORDO:

1.- PRIMEIRO.- Declarar a dispoñibilidade dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no Proxecto de travesías.

2.- SEGUNDO.- Aprobar o proxecto denominado MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA DP 3802, P.K. 8+360 A P.K. 9+330, VISTA ALEGRE (GALEGOS), redactado polo enxeñeiro de camiños D. Julio C. Rojo Martínez, colexiado nº 3.871, de data marzo de 2015. As obras contan con tódalas autorizacións porque non son necesarios autorizacións/permisos doutros organismos para a súa execución.

3.- TERCEIRO.- Declarar a conformidade coas Bases de colaboración entre a Deputación e os Concellos para executar os proxectos que se inclúan nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015.

4.- CUARTO.- Comprometerse dende o Concello de Frades de aceptar a entrega das obras una vez recibidas pola Deputación, polo que se asumen os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalación das ditas travesías.

5.- QUINTO.- Delegar no Alcalde- Presidente a competencia para a formalización do correspondente Convenio. (...)"



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Conña)

Teléf: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

A continuación, o Alcalde- Presidente explica que se trae este asunto ao Pleno porque a Deputación o obriga. Xa hai varios anos presentáronse na Deputación varios proxectos que están pendentes de decisión, entre outros a Capela de San Roque ata o núcleo de Moar, e aínda non sabemos se a Deputación os ve viables.

O Alcalde- Presidente procede a agradecer publicamente, como xa fixo en prensa, que a Deputación continúe adiante con este proxecto a pesares do cambio de grupo de goberno.

O proxecto inclúe a senda, recollida de pluviais, bordillo de 1,8 metros de formigón que separa a senda da propiedade privada e marquesiñas.

A continuación o Sr. Alcalde- Presidente dálle a palabra ao concelleiro do BNG, D. José María Pérez Lagos que intervéen para preguntar cal é o orzamento das obras. O Sr. Alcalde- Presidente sinala que as obras ascenden á contía de 149.159,10 euros (IVE engadido), e que da execución das mesmas encárgase a Deputación Provincial.

Tralas consideracións oportunas, por unanimidade dos membros do Pleno da Corporación

ACÓRDASE:

1.- PRIMEIRO.- Declarar a dispoñibilidade dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no Proxecto de travesías.

2.- SEGUNDO.- Aprobar o proxecto denominado MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA DP 3802, P.K. 8+360 A P.K. 9+330, VISTA ALEGRE (GALEGOS), redactado polo enxeñeiro de camiños D. Julio C. Rojo Martínez, colexiado nº 3.871, de data marzo de 2015. As obras contan con tódalas autorizacións porque non son necesarios autorizacións/permisos doutros organismos para a súa execución.

3.- TERCEIRO.- Declarar a conformidade coas Bases de colaboración entre a Deputación e os Concellos para executar os proxectos que se inclúan nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015.

4.- CUARTO.- Comprometerse dende o Concello de Frades de aceptar a entrega das obras una vez recibidas pola Deputación, polo que se asumen os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalación das ditas travesías.

5.- QUINTO.- Delegar no Alcalde- Presidente a competencia para a formalización do correspondente Convenio. (...).

Dado que non hai máis asuntos de que tratar na Sesión de hoxe, o Sr. Alcalde levanta a sesión cando son as 14.22 horas, no lugar e data indicados, coa sinatura do Alcalde-Presidente e da Secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
O ALCALDE

A SECRETARIA

Asdo.: Roberto Rey Martínez

Asdo.: Carmen Gómez Otero